

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de abril de 2010

ASISTENTES:

Membros :

Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día trece de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(453).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(454).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DAS OBRAS DE REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 3532/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 9.04.10, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 13-04-2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente á empresa Hidroestructuras, S.L (CIF B36.922.144) o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma e adecuación do auditorio municipal de Castrelos (Expediente 3532-335), por un prezo total de 220.779,32 EUROS, IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 30.452,32euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aporta a maiores 1 persoas procedente de situación legal de desemprego das que 1 é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Comprométese á execución das seguintes melloras por unha contía total de 11.616 euros.
 - 80 m2 de aumento da superficie de pavimentación do backstage.
 - 58 m2 de corrección da medición incluída no proxecto para a pavimentación do backstage.
 - 358 m2 de limpeza da zona o escenario.
 - 725 m2 de acondicionamento da zona de cantina.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 8-03-2010 e a oferta presentada.

Segundo.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. (A non existencia de débedas de carácter tributario co Concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Xustificante de ter ingresado na caixa do Concello o importe dos anuncios de licitación por importe de 680,44 euros.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da Mesa de Contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado Segundo da proposta.

3(455).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN PARA A SITUACIÓN DUNHA PINACOTECA. EXPTE. 5741/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 9.04.10, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 13-04-2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a empresa Movexvial, S.L (CIF B36.684157 E) o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación de edificio para a instalación dunha pinacoteca (expediente 5471-307), por un prezo total de 2.589.975,50 euros IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 357.238euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 30 persoas, aporta a maiores 6 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 6 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Comprométese á execución das seguintes melloras por unha contía aceptada de 117.255,12 euros.
 - 190,59 ml de equipamento de almacén.
 - 1 estudio luminotécnico con cambio de luminarias.
 - 3 ud de perfil lineal suspendido (mod Hitrak)
 - 22,6 m2 de cuberta transitable.
 - 69,55 m2 de cuberta autoprotexida non transitable.
 - 1 ud de eficiencia lumínica
 - 1 ud letras rótulo pinacoteca.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 8-03-2010 e a oferta presentada.

Segundo.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. (a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Xustificante de ter ingresado na caixa do concello o importe dos anuncios de licitación por importe de 695,88 euros.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado Segundo da proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.